



Dende C.E.I.P. ADR Castelao, comunícaselle a documentación a entregar para solicitar o servizo de comedor para o vindeiro curso 2024-25, coa finalidade de organizar dito Servizo ante a posibilidade de que teñamos que baremar en función das solicitudes. En base a **INSTRUCCIÓN 1/2024, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2024-2025** os apartados para acceder serán:

1. Alumnado usuario habitual do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario de dereito do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2024-2025, que estableza a consellería competente nesa materia.
3. Alumnado que teña un/unha irmán ou irmá que vaia a continuar matriculado no centro para o curso que solicite o servizo e sexa usuario do comedor escolar no momento de formalizar a solicitude, agás no caso de alumnado escolarizado voluntariamente en centros fóra de zona.
4. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.



5. Alumnado membro de familias numerosas, monoparentais, situación acreditada mediante certificación , título ou inscrición no rexistro correspondente.
6. A asimilación ao descendente do fillo/filla concibido/a e non nacido/a acreditarase mediante o carné familiar galego, a que se refire o artigo 12 da Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia.
7. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente, de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
8. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.
9. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.



A documentación a entregar que consideren oportuna farase a partires do día **1 DE XULLO LUNS, ATA O VENRES 5 DO MESMO MES, NA DIRECCIÓN DO CENTRO**, para que nos de tempo a recoller e planificar de cara ao vindeiro curso as solicitudes.

- **A PARTIRES DO VENRES DÍA 5 DE XULLO NON SE RECOLLERÁ NIN ENTREGARÁ DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO COMEDOR, SALVO NOVAS ESCOLARIZACIÓNS.**
- **PESE A SER USUARIO CON ANTERIORIDADE DO COMEDOR É PRECISO TRAER A DOCUMENTACIÓN QUE SE RECOLLE NOS PUNTOS ANTERIORMENTE CITADOS E O MODELO DE AUTODECLARACIÓN REFERENTE AO ANO 2023 CUBERTO POLOS PAIS, NAIS OU TITORES/AS LEGAIS. DE NON FACER DECLARACIÓN PRESENTAR XUSTIFICANTE CONFORME ESTÁ EXENTO.**
- **EN CASO DE NON FACELO ENTENDEMOS QUE NON TEN NADA QUE ALEGAR POLO CAL, PASARÁN DIANTE OUTROS ALUMNOS/AS CON PREFERENCIA AO USO DO MESMO.**

O DIRECTOR E PRESIDENTE DO CONSELLO E.

DANIEL WEINER MALLEIRO.

Rianxo 20-06-2024



CENTRO EDUCATIVO:

ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS

A) RENDA NETA IRPF 2023:

casiña 435 + casiña 460 – casiña 595 = **X**

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES SOLICITA COMEDOR: número de membros = **Y**

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = **X/Y**

D) AUTODECLARACIÓN

Marque a casiña seguinte

Aboamento de 0 € por día de servizo

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación





Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 1 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
--	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 2,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación





Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 4,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

Se súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 4,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

Se son alumnos escolarizados, por decisións de índole familiar ou persoal, fóra do centro que lles corresponda , o 1º ano.





Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de.....de 2024

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:





A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio **2023**:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595}$

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casiñas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do





traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario), tal e como recolle o artigo 16.2.terceiro do Decreto 132/2013, do 1 de agosto.

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPE. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPE.

